

Plan estratéxico de subvencións

Universidade de Vigo

1. Fundamento xurídico

A Lei xeral de subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro) establece para as administracións públicas a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións, con indicación dos seus fins, efectos, prazos, custos estimados e fontes de financiamento, supeditado todo iso aos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Tamén prevé que as subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea se rexan polas normas comunitarias aplicables en cada caso e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición daquelas.

A comunidade autónoma de Galicia regula na Lei 9/2007 o réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión lle corresponde á Administración da comunidade autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e as entidades dependentes destas, e as universidades da comunidade autónoma (disposición adicional quinta).

Complementariamente a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes refírese particularmente no artigo 35 ás subvencións públicas. De igual xeito, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia tamén recolle no seu articulado referencias ás subvencións públicas.

O Plan estratéxico de subvencións ten carácter programático e o seu contido non xera dereitos nin obrigas e a súa efectividade queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións, atendendo aos condicionantes orzamentarios de cada exercicio.

2. Ámbito de aplicación

Este plan é de aplicación a todas as axudas que teñan as características propias dunha subvención concedida por calquera servizo ou unidade xestora da Universidade de Vigo; por analoxía, inclúense dentro do ámbito de aplicación deste plan as bolsas ou os premios xestionados pola Universidade de Vigo.

3. Período de vixencia

O período de vixencia do presente plan comprende os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado ás liñas estratéxicas e institucionais de actuación que a Universidade de Vigo aprobe e sen prexuízo da actualización anual do anexo, que dependerá das distintas accións detalladas no proceso de elaboración do orzamento da Universidade de Vigo.

O presente plan estratéxico de subvencións finalizará coa aprobación e coa entrada en vigor dun novo plan estratéxico de subvencións da universidade polos respectivos órganos de goberno.

4. Definición

Enténdese por subvención, para os efectos do Plan estratéxico de subvencións da Universidade de Vigo, toda disposición en diñeiro realizada pola Universidade de Vigo, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios/as.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario/a cumprir as obrigas materiais e formais establecidas.
- c) Que o proxecto, a acción, a conduta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou o interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Pola contra, non teñen o carácter de subvención:

- a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial.
- b) Os beneficios fiscais a favor dos usuarios/as de bens e de servizos públicos aplicables nos prezos correspondentes.
- c) As achegas de diñeiro a favor doutras administracións e a favor de organismos e entidades dependentes da Administración da comunidade autónoma sometidos ao ordenamento autonómico destinadas a financiar global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado.
- d) As achegas de diñeiro a favor doutras administracións públicas ou das súas entidades dependentes establecidas mediante norma legal ou regulamentaria e destinadas a financiar actividades da súa competencia ou impostas por unha norma emanada da administración outorgante.

5. Eixes estratéxicos, valores transversais e obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo

O Plan de subvencións da Universidade de Vigo é de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente pola Universidade de Vigo, mediante os procedementos previstos na Lei de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento, tanto as subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva coma as subvencións nominativas previstas no orzamento da Universidade de Vigo.

O presente plan, en liña co establecido no **Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026**, operativízase a través de cinco eixes estratéxicos:



A UVigo é ante todo unha institución que forma o seu estudiantado. Consideramos, polo tanto, que o primeiro eixe estratéxico debe ser a formación. Baixo este apartado enmarcaranse todos os obxectivos relacionados coas titulacións, a docencia e a mellora dos recursos e dos medios destinados á docencia.

Investigación e transferencia



A UVigo debe perseguir a excelencia na investigación e na transferencia como piares da súa estratexia de futuro. Mellorar a calidade da súa investigación e transferencia, facer que os seus resultados sexan máis accesibles para a sociedade, mellorar a captación de talento e de recursos serán pasos claves na mellora no posicionamento da UVigo na súa rexión e no panorama nacional e internacional.

Persoas



A UVigo está formada ante todo por persoas. Non se pode facer unha planificación estratéxica sen ter en conta o desenvolvemento persoal e profesional de todas as persoas que integran a comunidade universitaria. Mellorar a vida das persoas que forman a UVigo é un eixe prioritario deste plan.

Organización e recursos



Para poder acadar calquera obxectivo é imprescindible o uso eficiente dos recursos existentes e a captación de novos recursos, así como a creación das estruturas e dos mecanismos necesarios para o seu máximo aproveitamento.

Relación coa sociedade



A UVigo é unha institución con plena vocación de servizo cara á sociedade que a rodea e, polo tanto, a súa relación coa contorna é unha prioridade estratéxica.

Así mesmo, os procesos e as accións ligadas a este plan de subvencións desenvólvense sempre atendendo aos valores irrenunciáveis que marcan a identidade da Universidade de Vigo:

Fomento da lingua galega



O galego é a lingua oficial da UVigo e de Galicia e como tal debe ser apoiada fomentando o seu uso. Este fomento da lingua galega debe facerse dende a formación en lingua galega, a promoción do galego, a investigación sobre a nosa lingua e cultura propias e a proxección ao exterior.

Defensa da igualdade



A defensa da plena igualdade de trato e oportunidade entre mulleres e homes é un valor propio da nosa institución. A UVigo asume o compromiso estratéxico de facer unha defensa activa da igualdade a todos os niveis e en todos os eidos de actuación.

Internacionalización



A internacionalización é un proceso transversal que require que todos os procesos e todas as actuacións teñan en conta unha perspectiva máis ampla ca a local ou nacional. Non se limita á mobilidade das persoas que integran a comunidade universitaria, senón que require dun cambio na formulación de todas as actividades universitarias e a institucionalización da dimensión internacional da UVigo, aproveitando a nosa posición privilexiada desde o punto de vista lingüístico, histórico, social e cultural no ámbito de América Latina e do espazo lusófono.

Sostibilidade (Axenda 2030)

A Universidade de Vigo é unha institución responsable socialmente e, como tal, debe servir de axente activo para acadar o cumprimento dos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas. É por isto que a planificación estratéxica presentada neste plan está tamén organizada arredor dos 17 obxectivos do desenvolvemento sostible.



OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE

O Plan de subvencións da Universidade de Vigo entronca especial e directamente cos seguintes obxectivos do Plan estratéxico da Universidade de Vigo:

Obxectivo 2	Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudiantado.
Obxectivo 5	Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.
Obxectivo 9	Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.
Obxectivo 21	Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados.
Obxectivo 26	Captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.
Obxectivo 27	Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade.
Obxectivo 29	Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo.

6. Obxectivos estratéxicos específicos deste plan

1. Maximización do alcance e da accesibilidade: ampliar o alcance das bolsas e das axudas para cubrir un espectro máis amplo de persoas, garantindo a inclusión de grupos desfavorecidos minoritarios.

Accións

- Desenvolver campañas informativas.
- Utilizar múltiples canles de comunicación.
- Mellorar a accesibilidade nos procesos de solicitude.
- Promover o aumento do orzamento dedicado a bolsas e a axudas.
- Implementar programas de mentoría e de apoio para solicitantes de grupos desfavorecidos.

Indicadores (desagregados por sexo sempre que sexa posible)

- Número de solicitudes recibidas de grupos desfavorecidos e minoritarios.
- Porcentaxe de persoas beneficiarias en comparación co ano anterior.
- Porcentaxe de aumento do orzamento dedicado a bolsas e a axudas.
- Número de campañas informativas.
- Número de programas de mentoría e de apoio a grupos desfavorecidos (desagregados por colectivos mentores).

2. Personalización e adaptación: asegurar que as bolsas e as axudas se adaptan ás necesidades específicas dos colectivos de interese.

Accións

- Realizar enquisas para identificar necesidades non cubertas.
- Crear programas de axuda personalizados ás necesidades detectadas.
- Axustar os criterios de elixibilidade e as contías das bolsas segundo as necesidades detectadas.

Indicadores (desagregados por sexo sempre que sexa posible)

- Número de programas de axuda personalizados desenvolvidos.
- Satisfacción das persoas beneficiarias coa adecuación das axudas ás súas necesidades (puntuación media en enquisas).
- Variabilidade nas contías das bolsas e axudas concedidas.

3. Sostibilidade financeira: garantir a sostibilidade financeira dos programas de bolsas e de axudas a longo prazo.

Accións

- Diversificar as fontes de financiamento.
- Buscar colaboracións con institucións públicas, sector privado e organizacións non gobernamentais para ampliar o alcance das bolsas e das axudas.

Indicadores

- Diversidade de fontes de financiamento (número de fontes diferentes).
- Número de novas colaboracións e importe de financiamento captado (desagregado público e privado).

4. Mellora continua e avaliación: establecer mecanismos de retroalimentación e de avaliación para a mellora continua dos programas de bolsas e de axudas.

Accións

- Desenvolver sistemas de seguimento e de avaliación.
- Realizar enquisas de satisfacción.
- Revisar e analizar resultados e propor melloras.

Indicadores (desagregados por sexo sempre que sexa posible)

- Número de melloras implementadas como resultado das avaliacións.
- Puntuacións de satisfacción nas enquisas antes e despois das melloras.
- Frecuencia das revisións e actualizacións dos programas de bolsas e axudas.

5. Formación e capacitación: capacitar o persoal involucrado na xestión de bolsas e de axudas para mellorar a súa competencia e eficacia.

Accións

- Ofrecer actividades formativas relacionadas coa xestión de axudas.

Indicadores (desagregados por sexo sempre que sexa posible)

- Número de actividades formativas realizadas polo persoal anualmente.

6. Transparencia e responsabilidade: asegurar a transparencia nos procesos de bolsas e de axudas.

Accións

- Revisar os períodos de visibilidade das convocatorias no taboleiro institucional.
- Publicar memorias e estatísticas das convocatorias xestionadas.

Indicadores (desagregados por sexo sempre que sexa posible)

- Número de convocatorias co período de visibilidade no taboleiro institucional revisadas.
- Frecuencia de publicación de informes de transparencia (incluíndo criterios de selección, contías asignadas etc.).

7. Prazos de execución

Con carácter xeral, as subvencións terán un prazo de execución anual. Nos casos nos que as condicións acollesen fixar un prazo de execución distinto do anual, deberá establecerse explicitamente nas correspondentes bases da convocatoria.

8. Transparencia

Agás os casos establecidos na lexislación vixente, todas as subvencións concedidas pola Universidade de Vigo publicaranse no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo e, opcionalmente, no portal informativo de convocatorias.

Ademais, garantirase a visibilidade a través do portal de transparencia de Universidade de Vigo e empregarase linguaxe inclusiva e non sexista na redacción das convocatorias.

9. Procedemento da concesión de subvencións

9.1. Unidades xestoras

A Universidade de Vigo concederá as subvencións nos termos previstos na normativa vixente na materia mediante unha convocatoria pública en réxime de concorrència competitiva e, excepcionalmente, a través de concesión directa a favor de quen poida levar a termo os proxectos ou as actividades que as motivan.

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos da Universidade de Vigo ten como misión a este respecto a información, xestión, tramitación e resolución das bolsas e das axudas ao estudo destinadas ao alumnado da Universidade de Vigo, en concreto das convocatorias xerais do MECD e do Goberno Vasco e as propias da universidade, así como das bolsas de formación convocadas pola Universidade de Vigo. Ademais, encárgase da información e da tramitación dos procedementos de xestión de prezos públicos relativos á vida académica do estudantado.

O Servizo de Investigación e Apoio ao Desenvolvemento encárgase da xestión de proxectos e recursos humanos, da xestión de contratos e de convenios, e a xestión económica dos programas orzamentarios de investigación entre os que se inclúen as axudas para a mobilidade do persoal investigador da Universidade de Vigo cuxo procedemento de concesión xestiona na súa totalidade.

A Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) fomenta a participación da comunidade universitaria en proxectos internacionais a través dun acompañamento completo desde o xerme da idea ata a fin do desenvolvemento do proxecto. Tamén asesora na procura de financiamento, socios, oportunidades e convocatorias. Dado que colabora na xestión integral dos proxectos internacionais durante toda a súa vida, a OPI é responsable da elaboración e da publicación dunha parte das convocatorias de bolsas vinculadas cos proxectos europeos e internacionais nos que a Universidade de Vigo participa.

A Oficina de Relacións Internacionais ten como misión promover a participación do estudantado e do persoal en programas de mobilidade internacionais e no programa nacional SICUE, impulsar a participación en redes e asociacións académicas e a cooperación con institucións internacionais, apoiar na captación de talento internacional, potenciar a mellora do plurilingüismo na universidade e darlles visibilidade ás actividades da Universidade de Vigo en encontros internacionais e nacionais.

9.2. Tipos de procedementos

✓ **Procedemento ordinario de concorrència competitiva**

Mediante este procedemento concederanse subvencións mediante a comparación das solicitudes presentadas dentro dos prazos habilitados para iso, a fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios previamente fixados nas bases da convocatoria, e adxudicar, cos límites dos créditos dispoñibles, aquelas que obteñan maior valoración. A proposta de concesión formularáselle á autoridade concedente por un órgano colexiado. Este procedemento require a aprobación das correspondentes bases polo órgano competente para autorizar o gasto, que serán obxecto de convocatoria pública na forma que se estableza.

As solicitudes das posibles persoas beneficiarias serán oportunamente informadas, finalizando o procedemento mediante a resolución do órgano convocante, que se publicará para o coñecemento xeral. As citadas bases da convocatoria conterán, polo menos, os apartados que se relacionan a continuación:

- Tipo
- Organismo convocante
- Código
- Prazo e forma de presentación das solicitudes
- Descrición/Obxecto
- Requisitos
- Prazo para resolver e sentido do silencio administrativo
- Incompatibilidades
- Obrigas
- Criterios de avaliación e de adxudicación
- Dotación económica e forma de pagamento
- Transparencia
- Procedemento de resolución
- Protección de datos

En todo caso, atenderase sempre ao establecido pola legalidade vixente.

✓ **Procedemento excepcional de concesión directa de subvencións**

De acordo co previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- As previstas nominativamente no orzamento da Universidade de Vigo, cuxas contías e persoas beneficiarias virán recollidos nos estados de gasto deste. Os seus elementos relevantes concretaranse mediante un convenio específico ou resolución de concesión nos termos previstos na normativa de subvencións.
- Aquelas cuxa concesión directa veña establecida por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Os seus elementos relevantes concretaranse mediante unha resolución de concesión nos termos previstos na normativa de subvencións.

10. **Condicións para conceder subvencións**

1. Non poderán concederse subvencións por contía superior ás que se determinen nas convocatorias agás nos termos establecidos na lexislación de subvencións vixente.

2. O importe das subvencións, illado ou en concorrencia con outras, non poderá superar o custo da actividade para desenvolver, polo que se se dese tal caso, o importe inicial poderá ser minorado na cantidade correspondente.
3. A convocatoria de subvención non poderá ser revogada ou modificada salvo casos excepcionais debidamente motivados e sempre previa á súa concesión.
4. A universidade poderá solicitar en calquera momento a información ou a documentación que estime necesario para asegurar o cumprimento do obxectivo ao que se destinan as axudas.
5. En todo caso, respectarase o establecido pola normativa vixente nesta materia.

II. Control económico-financeiro

A unidade ou servizo que xestiona a subvención, de acordo co establecido na convocatoria, será o responsable da necesaria revisión e comprobación da documentación xustificativa asociada á subvención e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Se a convocatoria correspondente recolle a achega de documentación para a xustificación da subvención por parte das persoas interesadas, esta será requirida e unida ao correspondente expediente.

O Servizo de Control Interno levará a cabo o control económico, tanto a fiscalización previa coma o control financeiro de acordo coa normativa de aplicación.

Deberán, en todo caso, garantirse a garda, control e accesibilidade da totalidade da documentación. Esta debe estar a disposición dos órganos de control internos ou externos que procedan. En todo caso, garantirase a protección de información sensible e protexida.

12. Responsabilidade social

Nas convocatorias, incluírase a perspectiva de xénero nas bases da convocatoria coa finalidade de avanzar cara á igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Do mesmo xeito, naquelas subvencións nas que o obxecto ou a finalidade poidan ser relevantes cuestións e aspectos sociais, as bases reguladoras das subvenciones incluírán criterios obxectivos de valoración ou criterios de preferencia coa finalidade de contribuír á consecución destes obxectivos é a redución das fendas de xénero e da desigualdade social.

ANEXO I

LISTAXE DE SUBVENCIÓNS ASOCIADAS AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivo 2	Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado.
Obxectivo 5	Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.
Obxectivo 9	Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.
Obxectivo 21	Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados.
Obxectivo 26	Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.
Obxectivo 27	Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade.
Obxectivo 29	Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo.



FORMACIÓN

OBXECTIVO 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudiantado

SUBVENCIÓN	Bolsa de formación en centros de investigación
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios.
OBXECTIVOS	Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudiantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación en que se matricula.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da UVigo
PARTIDA ORZAMENTARIA	ATI1 131H 482 CITI 131H 482 CIB1 131H 482 CIM1 131H 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	81.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa de formación en unidades e áreas
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios.
OBJECTIVOS	Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación en que se matricula.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da UVigo
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	90.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa de formación en centros universitarios
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudiantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios.
OBXECTIVOS	Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e de adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación en que se matricula.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da UVigo
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	130.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa de formación en sistemas informáticos
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios.
OBXECTIVOS	Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e de adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación en que se matricula.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da Uvigo / Convenio Banco Santander
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	350.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa prácticas Campus Auga
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario integradas no Campus Auga
OBXECTIVOS	Potenciar a empregabilidade do estudiantado de titulacións do Campus Auga a través das prácticas en empresas.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	CONVENIO XUNTA DE GALICIA
PARTIDA ORZAMENTARIA	AUGA 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	14.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa prácticas Eures Transfronterizo
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudiantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario.
OBXECTIVOS	Fomentar a formación transfronteiriza do estudantado da Universidade de Vigo, a través da realización de prácticas académicas, curriculares ou extracurriculares, nunha entidade externa con sede en Portugal. As axudas perseguen sufragar parte dos gastos ocasionados pola mobilidade desde o lugar habitual de residencia do estudantado que participe na convocatoria.
FORMA DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	PROXECTO EURES: EURES-T G-NP 24-25
PARTIDA ORZAMENTARIA	OPI1 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	2.700 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa de desprazamento para a realización de prácticas curriculares
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións oficiais non impartidas en centros propios (Enfermaría de Ourense, Enfermaría de Pontevedra e Enfermaría do Meixoeiro).
OBXECTIVOS	Compensar o custo económico asociado aos desprazamentos que o estudiantado debe realizar desde a localidade do centro de estudos ata as empresas e as institucións nas que realizan as prácticas curriculares.
FORMA DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio Banco Santander
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	22.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa prácticas Campus Rural
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudiantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario.
OBXECTIVOS	O obxectivo que se persegue é que o estudiantado universitario de calquera titulación oficial poida completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas, tanto curriculares como extracurriculares, no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboamento, residindo no mesmo, coñecéndoo en profundidade e convivindo e colaborando coa súa xente, de modo que poidan velo como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro profesional.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio co Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	75.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Premio Incuvi-Emprende
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado matriculado na Universidade de Vigo en estudos de grao ou de mestrado universitario. Persoas tituladas en titulacións oficiais pola Universidade de Vigo. Estudantado matriculado en titulacións oficiais ou persoas tituladas doutras universidades españolas, sempre que estes non superen o 50 % dos membros do equipo.
OBXECTIVOS	Apoiar as ideas emprendedoras que xurdan entre o estudantado e as persoas recentemente tituladas pola Universidade de Vigo co fin de fomentar as habilidades e as competencias emprendedoras entre a comunidade universitaria.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio Deputación de Pontevedra
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	12.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Terceiro trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	
Premio Incuvi-Avanza	
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado matriculado na Universidade de Vigo en estudos de grao ou mestrado universitario. Persoas tituladas en titulacións oficiais pola Universidade de Vigo. Estudantado matriculado en titulacións oficiais ou persoas tituladas doutras universidades españolas, sempre que estes non superen o 50 % dos membros do equipo.
OBXECTIVOS	Contribuír á aceleración de proxectos emprendedores promovidos por estudantes ou persoas recentemente tituladas da Universidade de Vigo co fin de que estas poidan validar a idea e analizar a existencia dunha demanda real no mercado.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio Deputación de Pontevedra
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	10.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Terceiro trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	
Premio Incuvi-Consolida	
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Persoas ou equipos emprendedores que fosen beneficiarios dun premio na convocatoria Incuvi-Avanza. As persoas solicitantes só poderán presentar o proxecto desenvolvido durante a súa participación no programa Incuvi-Avanza.
OBXECTIVOS	Contribuír á consolidación de proxectos emprendedores viables nados ou desenvolvidos total ou parcialmente na Universidade de Vigo e promovidos por persoas recentemente tituladas nesta co fin de que os beneficiarios/as poidan seguir madurando o proxecto, validar a idea e analizar a existencia dunha demanda real no mercado.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio Deputación de Pontevedra
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	2.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Terceiro trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Premios Santander X Spain Award - Proxectos emprendedores
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado matriculado ou recién titulado de titulacións oficiais de grao, mestrado universitario ou doutoramento da Universidade de Vigo.
OBXECTIVOS	Recoñecer e potenciar a nivel nacional iniciativas emprendedoras xurdidas na Universidade de Vigo.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio co Banco Santander
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	6.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Premios Santander X Spain Award – StartUp Universitaria
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado matriculado ou recién titulado de titulacións oficiais de grao, mestrado universitario ou doutoramento da Universidade de Vigo.
OBJECTIVOS	Recoñecer e potenciar ás mellores startups e spin offs universitarias de base tecnolóxica ou de coñecemento e que teñan unha solución innovadora e disruptiva en fase de aceleración.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio co Banco Santander
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	12.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	
Bolsas de inicio á investigación no centro de investigación ECOBAS	
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado matriculado no Máster Interuniversitario en Economía da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo, ou no Grao de Economía ou Administración de Empresas na Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela ou Universidade de Vigo.
OBXECTIVOS	Promover a incorporación de estudantado interesado en iniciarse na carreira investigadora, facilitando a súa formación teórica e práctica, así como a adquisición de novas capacidades e destrezas que permitan o desenvolvemento da competencia investigadora no ámbito de traballo da Axenda Científica de ECOBAS.
FORMA DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	CONVENIO I+D+i 2025/26
PARTIDA ORZAMENTARIA	ECO1 131H 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	6.750 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	
Premios Cátedra Oesía aos mellores traballos académicos	
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado matriculado en determinadas titulacións de Grao e Máster do Ámbito Tecnolóxico, así como en determinados programas de doutoramento do dito ámbito.
OBXECTIVOS	Promover a excelencia académica e investigadora en áreas clave para o desenvolvemento tecnolóxico e empresarial recoñecendo os mellores Traballos fin de Grao (TFG), Traballos fin de Máster (TFM) e Teses de Doutoramento (TD) neste eido.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da Cátedra Oesía
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	2.550 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

DENOMINACIÓN DA SUBVENCIÓN	
BOLSAS CUADRIMESTRAIS EN INSTITUCIÓNS DA REDE GE4	
UNIDADE XESTORA	OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS (ORI)
SECTORES	ESTUDANTADO DE GRAO E MESTRADO DAS ESCOLAS DE ENXEÑARÍAS
OBXECTIVOS	OFRECER A POSIBILIDADE DE LEVAR A CABO UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL, CURSANDO UN SEMESTRE NUNHA UNIVERSIDADE SOCIA DA REDE GE4
FORMA DE CONCESIÓN	CONCORRENCIA COMPETITIVA
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CURSO ACADÉMICO
FONTES DE FINANCIAMENTO	ORZAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
PARTIDA ORZAMENTARIA	00IN 121DORI 482
ORZAMENTO INICIAL	4.500 €
CALENDARIO PREVISTO	CUARTO TRIMESTRE
INDICADORES DE SEGUIMIENTO (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	- ORZAMENTO EXECUTADO - NÚMERO DE SOLICITUDES - NÚMERO DE CONCESIÓNS

OBXECTIVO 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade

SUBVENCIÓN	Bolsa de mobilidade para estudiantado de grao
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudiantes matriculados en estudos de grao
OBXECTIVOS	Sufragar os gastos derivados da realización de actividades de contido formativo de estudos de grao impartidos pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nunha localidade diferente á da sede do grao.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da UVigo
PARTIDA ORZAMENTARIA	00XX 111L 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	6.100 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa de movilidad para estudiantado de mestrado universitario
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudiantes matriculados en estudos de mestrado universitario
OBXECTIVOS	Sufragar os gastos derivados da realización de actividades de contido formativo dos mestrados universitarios impartidos pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nunha localidade diferente á da sede do mestrado.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da UVigo
PARTIDA ORZAMENTARIA	00XX 111LPXX 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	2.380 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Bolsa de mobilidade da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) para o estudiantado de programas de doutoramento
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes matriculados no período de tutela de tese nalgún programa de doutoramento.
OBXECTIVOS	Contribuír a paliar os gastos ocasionados ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nos programas de doutoramento, con motivo da realización de estadías que permiten o recoñecemento de mención internacional, e demais actividades incluídas na súa programación académica que impliquen desprazamento.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio Banco Santander
PARTIDA ORZAMENTARIA	00PG 131H 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	40.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	
Bolsa Mobilidade SICUE	
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións oficiais non impartidas en centros propios (Enfermaría de Ourense, Enfermaría de Pontevedra e Enfermaría do Meixoeiro).
OBXECTIVOS	Atender o custo económico que supón a participación no programa de mobilidade do sistema de intercambio entre centros universitarios (SICUE) coa finalidade de que ninguén quede excluído da mobilidade por razóns económicas.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio Banco Santander
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	35.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	
Bolsa para a realización de cursos de idiomas	
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantes de titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario en centros propios ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións oficiais non impartidas en centros propios (Enfermaría de Ourense, Enfermaría de Pontevedra e Enfermaría do Meixoeiro).
OBXECTIVOS	Facilitarlle a aprendizaxe de linguas estranxeiras ao estudantado de titulacións oficiais da Universidade de Vigo financiando o custo de matrícula nos cursos do Centro de Linguas da universidade.
FORMA DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Orzamentos da UVigo
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 121D 482
ORZAMENTO ANUAL PREVISTO	10.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Segundo trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

SUBVENCIÓN	Premio por redactar e defender en galego o TFG/TFM ou a tese
UNIDADE XESTORA	SECCIÓN DE BOLSAS
SECTORES	Estudantado de titulacións de grao, mestrado universitario e doutoramento.
OBXECTIVOS	Recoñecer, difundir e premiar os mellores traballos de fin de grao (TFG), de mestrado universitario (TFM) e de tese de doutoramento que inclúan a perspectiva de xénero ou feminista realizados polo estudantado da Universidade de Vigo
FORMA DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva
BASES REGULADORAS	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas
PERÍODO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Curso académico
FONTES DE FINANCIAMENTO	Convenio coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP
PARTIDA ORZAMENTARIA	0000 421SNLI 482
ORZAMENTO PREVISTO ANUAL	12.000 €
CALENDARIO PREVISTO	Terceiro trimestre
INDICADORES DE RESULTADOS (PRESENTARANSE DESAGREGADOS POR SEXO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE)	Orzamento executado Número de solicitudes Número de solicitudes excluídas Número de concesións Número de solicitudes denegadas

